

CONMEMORACIÓN  
DO CENTENARIO  
DO FALECIMENTO DE  
*Emilia Pardo Bazán*





## 1- Mostra bibliográfica: “Dona de si”

ACTIVIDADES CULTURAIS  
NAS BIBLIOTECAS

### BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL ROSALÍA DE CASTRO. SANTA CRUZ

Cando se cumpren cen anos dese 12 de maio de 1921 no que unha gravísima infección vírica provoca o falecemento da ilustre escritora Emilia Pardo Bazán, a Biblioteca Pública Municipal Rosalía de Castro de Santa Cruz quere conmemorar a súa figura coas seguintes actividades.

**Mostra bibliográfica titulada “Dona de Si”**, destacan- do a personalidade desta muller tan carismática e sen complexos no literario, no social e no persoal.


A mostra estará formada por novelas, artigos xornalísticos, ensaios, estudos e biografías sobre a autora de obras tan importantes da literatura española como *Los pazos de Ulloa* ou *La tribuna*.

#### Obxectivos:

- Promover a lectura da obra de Emilia Pardo Bazán.
- Poñer en valor o vínculo da escritora co pobo de Oleiros.
- Dar a coñecer a figura desta muller libre e inclasificable.

**Destinatarias/os:** público en xeral

**Temporalización:** primeira quincena do mes de maio



## 2- Actividade: *"Cita con dona Emilia"*



### AUDIOVISUAIS DE LECTURAS DE RELATOS CURTOS DA ESCRITORA (*Las medias rojas, El encaje roto, etc.*)



Os usuarios e usuarias que queiran participar na lectura colectiva dos relatos curtos de Emilia Pardo Bazán promovida pola biblioteca de Santa Cruz, poderán facelo **do 3 ao 7 de maio**.

Consistirá na lectura dun fragmento dalgún dos relatos curtos da escritora. Poderase realizar acudindo á bi-

blioteca onde se lles fará a gravación ou enviando os seus \*audiovisuais da lectura ao correo: **[bibliotecasantacruz4962@gmail.com](mailto:bibliotecasantacruz4962@gmail.com)**

Unha vez recompilados todos os audiovisuais, colgaranse no blog das bibliotecas e na web municipal (na sección de bibliotecas).

**Blog das bibliotecas:** <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com/>

**Web municipal:** <http://www.oleiros.org/web/concello-oleiros/bibliotecas>

\*Se as gravacións se fan no incomparable marco do castelo de Santa Cruz, superarían todas as expectativas.



### 3- “*A luz na batalla*”

## BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA. PERILLO

Aínda podes contemplar, na Biblioteca Central Rialeda, a expo bibliográfica sobre Emilia Pardo Bazán que se montou para celebrar o 8 de marzo, Día da Muller.

A mostra bibliográfica *A luz na batalla*, baseándonos no lema en latín *De bellum luce* que ela adoptara e utilizara encabezando o seu papel de cartas e que é toda unha declaración de principios da loita por defender a súa liberdade individual, está dedicada á escritora Emilia Pardo Bazán, con novelas, artigos xornalísticos, ensaios e biografías sobre a autora de *La Tribuna*. Tamén tes á túa disposición a serie de televisión homónima inspirada na novela *Los pazos de Ulloa* e o audiolibro *Aire y otros relatos* con seis das súas narracións cortas. En 2021 cúmprese o centenario da morte da autora coruñesa.

A súa achega á literatura española pasa por obras imprescindibles como *Los pazos de Ulloa*, *La madre naturaleza*, *De mi tierra*, *Morriña* e contos de toda tipoloxía e de gran factura que a consagran como excelente narradora. Emilia Pardo Bazán casou e gozou os veráns no pazo de Meirás creando nel unha importante e ampla biblioteca.





No municipio de Oleiros contamos co Castelo de Santa Cruz que mercou o seu home en poxa pública. Foi restaurado pola familia que o vai converter na súa nova residencia de verán. Máis tarde quedaralle en herdo á

súa filla Blanca Quiroga que o doará, en 1939, á arma de cabalaría co fin de que se dedique a casa de colonias das/os orfas/os de guerra. Ata 1978 albergou no verán orfas/os do exército, para despois desta data quedar abandonado. En 1989 foi mercado polo Concello de Oleiros para que toda a cidadanía puidese gozar deste lugar emblemático e se convertese nun centro de referencia na educación ambiental en Galicia, que é ao que se dedica desde 2001: Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA). Foi declarado Ben de Interese Cultural. O seu grande interese histórico, xunto coa súa beleza natural e paisaxística, fan deste lugar unha praxe extraordinaria.

As Bibliotecas Municipais de Oleiros e o Servizo de Normalización Lingüística dedicámoslle a Emilia Pardo Bazán, xunto a Sofía Casanova, Juana de Vega e María Casares, o **Roteiro Cultural e Literario 2012**. Estes percorridos dan a coñecer e divulgar a vida e a obra de persoas especialmente vinculadas co noso concello.



#### 4- BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL MANUEL MARÍA. OLEIROS

##### *Commemoración do centenario do falecemento de Emilia Pardo Bazán (1851-1921)*

Mostra bibliográfica dos fondos dispoñibles na biblioteca sobre a vida e a obra de Emilia Pardo Bazán no centenario da súa morte.



#### 5- BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL XOGRAR MENDIÑO. LORBÉ

##### *O universo de dona Emilia*

Co motivo de conmemorar o centenario do falecemento de Emilia Pardo Bazán, na Biblioteca Xograr Mendiño realizarase unha exposición bibliográfica sobre a autora onde se mostrarán, a través de **carteis informativos**, curiosidades sobre a súa biografía. Ademais, **repartiranse pasatempos e debuxos** entre as nenas e nenos para que coñezan a escritora e a súa obra.





## 6- BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL M<sup>a</sup> JOSÉ RUSO. DORNEDA

### *Emilia Pardo Bazán 1921-2021: centenario*

Mostra bibliográfica da obra de Emilia Pardo Bazán presente na biblioteca de Dorneda e daquelas obras que tratan a súa figura e a súa obra.

A mostra acompáñase de carteis con información biobibliográfica.

Actividade conmemorativa do centenario do falecemento de Emilia Pardo Bazán.

**Temporalización:** a partir do 12 maio (data de falecemento da autora)

## 7- BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL M<sup>a</sup> JOSÉ TRINCADO. MERA

### *Emilia Pardo Bazán: unha muller sen límites.*

Muller polifacética e loitadora infatigable non só polo acceso da muller á cultura senón tamén polo seu recoñecemento social.

Unha figura senlleira na España do seu tempo.

Mostra bibliográfica dos libros que temos dela ou sobre ela.

**Temporalización:** do 10 ao 17 de maio



## CENTENARIO DO PASAMENTO DE *Emilia Pardo Bazán*

*A figura de Emilia Pardo Bazán é esencial para a nosa cultura, foi unha intelectual cunha traxectoria literaria e académica importantísima e un referente esencial para o feminismo do noso país.*

*Este ano celébranse 100 anos do seu pasamento (o 12 de maio) e por ese motivo desde a Concellería de Cultura e Normalización Lingüística organizáronse distintas actividades para homenaxear esta destacada muller.*



## 1- “Mural”



A primeira das accións propostas será a creación dun mural coa figura da escritora como imaxe central. Encargarase da súa realización a artista santiaguesa Lidia Cao seleccionada por tratar-se dunha artista muller, galega e pola súa excepcional traxectoria artística que, a pesar da súa xuventude, é xa moi extensa a nivel nacional.



A localización seleccionada para a realización do mural é a parede lateral da casa núm. 7 da avenida Emilia Pardo Bazán. Este espazo, ademais de atoparse ao comezo da avenida que leva o nome da escritora, dispón dunha moi boa visibilidade desde a rúa Concepción Arenal, un espazo do centro urbano de Santa Cruz moi transitado.

Os traballos terán lugar entre o 4 e o 12 de maio.

Esta actuación pretende crear un novo punto de atracción na localidade, rendendo unha homenaxe a esta excepcional muller e animando a propios e alleos a visitar Oleiros na procura da pegada da escritora.



## 2- “Proxección”



**Domingo 9 de maio ás 20.00 horas**

**Teatro As Torres, Santa Cruz**

***Emilia Pardo Bazán, a condessa rebelde***

**Título orixinal:** *Emilia Pardo Bazán, a condessa rebelde*

**Ano:** 2011

**Duración:** 96 min.

**País:** España

**Dirección:** Zaza Ceballos

**Guión:** Púri Seixido (Idea: Zaza Ceballos)

**Música:** Pablo Cervantes

**Fotografía:** Juan Carlos Lausin

**Distribución:** Susana Dans,



Rodrigo Roel, César Cambeiro, Manuel Lourenzo, Mabel Rivera, Antonio Durán, Tamara Canosa, Covadonga Berdiñas, Mayka Braña, Casilda Alfaro, Jaroslaw Bielski, Manuel Millán, Albert Forner, Balbino Lacosta, Manolo Solo, Jordi Ballester, Lúa Testa , Laura Ponte, Lino Braxe, Sergio Caballero, Iván Marcos

**Produtor:** Televisión de Galicia (TVG), Zenit TV

**Xénero:** Drama | Película para TV. Biográfico

**Sinopse:** Narra a vida de Emilia Pardo Bazán, intelectual, escritora, xornalista e crítica española que introduce o naturalismo en España.

**Prezo:** entrada de balde con invitación (as invitacións daranse unha hora antes do espectáculo na billeteira ata completar a capacidade da sala.)

### 3- Visita teatralizada: *A pegada de Emilia Pardo Bazán*



Co fin de dar visibilidade á pegada de Emilia Pardo Bazán en Oleiros xorde esta actividade. Unha visita diferente na que se mestura a pintura, a narración, o teatro e a danza conectando dous puntos da localidade de Santa Cruz: o mural dedicado á escritora e o Castelo de Santa Cruz que foi residencia de verán da familia da escritora.

#### **Obxectivos:**

- Reivindicar a figura de Emilia Pardo Bazán no centenario do seu pasamento;
- destacar as súas achegas á literatura;
- contribuír a que o público valore a pegada da escritora no concello;
- incentivar o respecto polo patrimonio cultural que se ten máis preto.

**Data:** 15 de maio ás 18:30 h

**Lugar:** número 7 da avenida Emilia Pardo Bazán

**Destinatarios/as:** todos os públicos

**Inscricións:** no teléfono 981 626 692

ou no correo electrónico [museos@oleiros.org](mailto:museos@oleiros.org)





# Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e  
Normalización Lingüística



Bibliotecas Públicas  
Municipais

---

*1º Premio Nacional María Moliner 2011*  
*Premio Fomento da Lectura LIBER 2017*

MUSEO  
OS OLEIROS

